

Pintura en Acción

Que é pintura en acción?

Pintura en Acción é unha serie de accións artísticas de Carmen Martin Serantes, pintora ferrolá, consistentes nunha sucesión de maratóns moi intensas de pintura ao vivo, ao longo de doce meses, nas que se van retratando diversos lugares. Estes lugares son representativos e ao mesmo tempo non soen ser lugares onde se vexa pintar.

Por qué ese nome?

Aínda que se barallaron outros, o nome “pintura en acción” recolle que se trata de pintura e se trata de accións artísticas. É un nome que expresa que a pintura está en movemento e activa, é dicir, que a pintura está viva. Ademais alude con algo de retransmisión á arte oficial establecida, pois “pintura en acción” é a tradución de “action painting”, o estilo que fai que os cadros chorreados e salpicados de Jackson Pollock sigan a venderse por millóns de dólares.

Para que se fai?

A primeira das accións en realidade pretendía reivindicar espazos expositivos para os menores de 50 anos nunha cidade resesa como Ferrol. Pouco a pouco, segundo foi repetíndose a experiencia, a esta primeira intención engadiuse a necesidade de amosar que a pintura era algo vivo, e pouco a pouco foi tomando forma o proxecto actual, moito máis ambicioso, que pretende recoller a esencia da nosa cidade nos lenzos mediante a pintura in situ, pero tamén amosar as interioridades do traballo artístico en diversos lugares normalmente nunca asociados á arte.

Cando comezou?

A primeira das accións tivo lugar o 3 de Xaneiro de 2007 no Café Zucro.

Como surxi a idea?

Curiosamente, a primeira idea era tan simple -aínda que novidosa- como montar no Café Zucro unha exposición pero coa particularidade de que os cadros se irían pendurando das paredes ao longo do día, segundo foran rematándose. Visto o éxito da primeira acción -que en principio sería única, aillada-, o dono do Cafeto ofreceu o seu local para facer o mesmo. Pronto Carmen pensou en facer este traballo periódicamente, e buscou lugar para facer a terceira, a cuarta...

Cantas accións están proxectadas?

En principio unha por mes até chegar a Decembro do 2007, é dicir, doce.

Que duración teñen?

Cada unha das maratóns dura aproximadamente doce horas, normalmente de 9 da mañá a 10 da noite, contando unha hora para xantar. A máis longa foi a do Porto de Ferrol, con 16 horas, desde as 6 da mañá até as 10 da noite.

Cal é a técnica utilizada?

Carmen quere que estas xornadas sexan tamén divulgativas ou educativas -non podemos esquecer que leva anos ensinando- polo que utiliza moitos e variados medios técnicos. Aínda que pola súa comodidade e rapidez moitos dos cadros son feitos con acrílico, o certo é que tamén utilizou nestas xornadas óleo, ceras, pasteis, pintura ao temple... por non falar dos suportes, que van desde a táboa ata o lenzo, pasando polo cartón, o papel...

Cantos cadros ten feitos Carmen en Pintura en Acción?

O día máis prolífico polo de agora foi o 31 de xullo, no Porto de Ferrol, no que pintou 14 cadros. Cunha media de 8 cadros por xornada, calculamos que a exposición final pode constar de 100 cadros aproximadamente. Até hoxe, é dicir, de Xaneiro a Agosto, van 67 cadros.

Só un ano?

Non. A intención é que este proxecto, que este ano 2007 está centrado en Ferrol, continúe despois fóra de Ferrol, levando esta maneira de entender a pintura por varias cidades galegas e do Estado. Carmen mesmo recibiu ofertas para facer a Pintura en Acción fóra de España, en Turquía, Londres, Marrocos, Rumanía... só que estas fases posteriores, tan ambiciosas, precisan dunha planificación e financiamento ben plantexados.